

**2021-2024**

Xunta de Galicia

**[PROGRAMA MARCO DE  
INTEGRIDADE  
INSTITUCIONAL E  
PREVENCIÓN DE RISCOS DE  
XESTIÓN  
2021-2024]**

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1. ANTECEDENTES.....	3
1.2. OBXECTIVOS.....	5
1.3. MEDIDAS.....	5
2. OBXECTIVOS E EIXOS DO PROGRAMA.....	8
Eixo 1: Cultura institucional.....	8
Medida 1.1. Declaración institucional de integridade da Xunta de Galicia.....	9
Medida 1.2. Incorporar a integridade institucional na planificación estratéxica.....	9
Medida 1.3. Habilitar unha canle específica de denuncias.....	10
Medida 1.4. Regulación dos lobbies ou grupos de interese.....	11
Medida 1.5. Regulación unitaria dos conflitos de interese.....	11
Medida 1.6. Formación en materia de integridade.....	11
Medida 1.7. Fomento e divulgación da cultura da integridade.....	12
Medida 1.8. Creación dos órganos competentes de supervisión e control.....	12
Eixo 2: Ética institucional.....	15
Medida 2.1. Código ético e de conduta.....	16
Medida 2.2. Protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación.....	20
Eixo 3: Recursos humanos e compromiso coa competencia profesional.....	22
Medida 3.1. Procesos de selección e provisión.....	22
Medida 3.2. Avaliación do desempeño.....	23
Medida 3.3. Mellorar as ferramentas que permitan a cobertura definitiva dos postos de traballo e diminuír a taxa de temporalidade nos recursos humanos da Xunta de Galicia.....	23

Eixo 4: Plans de prevención de riscos de xestión .....	24
Medida 4.1. Identificación e avaliación de riscos de xestión.....	25
Medida 4.2. Determinación de accións de prevención de riscos de xestión.....	26
Medida 4.3. Determinación de mecanismos de supervisión e control .....	26
Medida 4.4. Información e comunicación .....	27
Medida 4.5. Supervisión do modelo .....	27
Medida 4.6. Formación .....	28
Eixo 5: Consolidación da administración dixital .....	29
Medida 5.1. Configuración dixital dos procedementos administrativos.....	30
Medida 5.2. Interoperabilidade coas administracións públicas .....	30
Medida 5.3. Carpeta cidadá .....	30
Eixo 6: Calidade normativa .....	31
Medida 6.1. Mellorar a técnica normativa e os procesos de produción normativa .....	31
Medida 6.2. Aumentar a transparencia da “pegada normativa” .....	32
3. TEMPORALIZACIÓN.....	33

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. ANTECEDENTES

O compromiso da Administración autonómica cunha política de integridade tivo un avance relevante no ano 2015 coa aprobación do Programa de impulso democrático.

Este programa, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 27 de xaneiro de 2015, constitúe o punto de partida na adopción de medidas cualificadas de rexeneración democrática e exemplaridade coa proposta de aprobación de cinco leis e 50 medidas no eido da participación cidadá e dos partidos políticos, con medidas de control externo e medidas no ámbito interno do propio goberno e da propia Administración.

Estes 5 textos son, en primeiro lugar:

- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que ademais de incrementar as obrigas de publicidade activa e regular o dereito de acceso á información pública por parte de calquera cidadá, aumentou as obrigas de transparencia dos altos cargos, coa obriga de publicar os datos patrimoniais tanto no momento de tomar posesión no cargo como no momento de cesar, así como de facer pública a súa actividade privada nos dous anos previos ao seu nomeamento e nos dous anos posteriores ao seu cesamento; consolida legalmente a existencia do Código Ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de xeito pioneiro xa no ano 2014, e regula o proceso de traspaso dos gobernos en funcións.

A esta lei se uniron:

- A Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, na que se abordou un asunto que requiría dunha regulación clara para encher un baleiro normativo: a defensa en xuízo de autoridades e empregados públicos. E abórdase cun criterio de máximo sentido común e de xustiza, co obxectivo claro de que en ningún caso unha persoa culpable dun delito resulte beneficiada ao ser defendida con cargo ao erario público.

- A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, para dotar a este órgano de control externo de facultades en materia de prevención da corrupción, creando no seu seo unha sección encargada de elaborar plans de prevención de riscos da corrupción; colaborar coas administracións galegas na elaboración de normas internas sobre prevención deses riscos; e asesorar ao

Parlamento, ao sector público autonómico e ás entidades locais galegas en materia de prevención da corrupción.

Ademais, estableceuse un novo mecanismo de inicio dos procedementos de fiscalización a través de denuncias remitidas pola cidadanía ou asociacións con personalidade xurídica co fin de fomentar a participación cidadá na prevención e represión da corrupción.

- A Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, texto que modifica e dá maior transparencia á financiación de partidos políticos.
- E por último, a Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia que amplía a participación cidadá na política e na vida parlamentaria.

Así, con este paquete de medidas blindadas por lei, o Goberno galego asentou os piares básicos para garantir e favorecer a rexeneración democrática na nosa Comunidade Autónoma, situando a Galicia á cabeza das administracións públicas máis transparentes na actualidade segundo a última auditoría realizada.

Con data do 16 de novembro de 2018 asinouse un protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia.

O dito protocolo ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente entre as institucións asinantes coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia. As institucións asinantes comprométense a colaborar na propagación dunha cultura da transparencia e comportamento ético nos sectores público e privado, así como na difusión de conceptos esenciais en materia de control interno, administración de riscos e fomento da integridade institucional.

Nese protocolo, ambas institucións comprométense ademais a colaborar proactivamente para que todas as entidades que integran o sector público autonómico establezan políticas de integridade institucional e contén cun programa de prevención de riscos de corrupción que estableza esa política de integridade, unha identificación e valoración de riscos, e o establecemento de medidas correctivas para o seu tratamento.

Derivado do compromiso recollido no protocolo asinado e tendo en conta as novas funcións do Consello de Contas, elaborouse un Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral

realizado polo Consello de Contas e aprobado o 19 de decembro de 2019 polo pleno do dito Consello.

## 1.2. OBXECTIVOS

A estratexia da Xunta de Galicia para o afianzamento da súa política institucional de integridade, materializarase a través da aprobación deste Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión que contemplará a posta en marcha, de xeito gradual, de distintas medidas orientadas ao fortalecemento dos sistemas de control interno e infraestrutura ética para o control das actividades máis vulnerables ou sensibles aos riscos de xestión para unha xestión pública eficaz, nun marco de legalidade, transparencia e rendición de contas.

Trátase de adoptar medidas que contribúan á mellora dos estándares éticos na Administración autonómica fomentando unha cultura cívica a favor da transparencia, a rendición de contas e o comportamento ético.

Este Programa, de carácter eminentemente preventivo, que non reactivo, suporá, non soamente o reforzo e a consolidación das medidas e as actuacións xa en marcha senón que, seguindo o esquema e recomendacións formuladas polo Consello de Contas, incorporará todos os elementos que como mínimo, permitan consolidar no sector público autonómico un sistema sólido e avanzado de integridade, obxectividade, eficiencia e transparencia no funcionamento da Administración pública galega e no desempeño da función pública.

Este programa incluírá medidas en seis eixos fundamentais: cultura institucional, ética institucional, recursos humanos e compromiso coa competencia profesional, plans de prevención de riscos de xestión, consolidación da administración dixital e calidade normativa.

As diversas medidas contempladas no plan poranse en marcha progresivamente a través das correspondentes adaptacións normativas e da aprobación dos instrumentos que lles dean a cobertura xurídica oportuna:

## 1.3. MEDIDAS

**Medidas de reforzo do marco de integridade institucional**, entre outras:

Habilitarase unha canle específica de denuncias como medio para comunicar situacións relacionadas coa integridade e configuraranse as medidas necesarias para garantir a confidencialidade da información e a protección da persoa denunciante de boa fe. Cómpre ter en conta que a adopción destas medidas xa está presente na Xunta de Galicia a través do Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a

resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo, para o ámbito da protección de riscos laborais. Tamén, a través da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa están habilitados distintos canais electrónicos de recepción de queixas, suxestións e reclamacións que permiten coordinar e orientar as denuncias presentadas pola cidadanía con respecto ao funcionamento dos servizos públicos.

Trátase agora de reforzar estes mecanismos e avanzar na implantación dunha canle formal específica para comunicar a comisión de calquera irregularidade, o procedemento para a súa investigación e as consecuencias dos posibles incumprimentos.

Actualizarase o Código ético institucional co reforzamento dos principios de integridade institucional e prevención de riscos de xestión, estableceranse parámetros para avaliar o seu cumprimento e se incrementará a difusión do seu contido tanto entre os empregados públicos como nas relacións co resto dos axentes externos.

Elaboraranse protocolos específicos que se centrarán na mellora e fortalecemento dos procesos de control interno en áreas clave como a xestión de persoal, a xestión de subvencións ou axudas, ou os procesos de contratación pública.

Crearase un Comité de Ética, como órgano de garantía con capacidade para coñecer e dar resposta aos posibles dilemas éticos e de comportamento que poidan presentar os empregados públicos e os altos cargos.

Avanzarase na regulación dos grupos de interese, abordando a creación dun rexistro destes grupos e o seu funcionamento nas relacións co sector público autonómico.

**Medidas de prevención de riscos de xestión, entre outras:**

Elaboraranse, en colaboración co Consello de Contas, Plans de prevención de riscos de xestión que afectan á integridade institucional en cada consellería e entidade pública instrumental, a través dos cales, elaboraranse o mapa de riscos respectivo mediante a identificación de tales riscos, a valoración do seu nivel de gravidade, as medidas preventivas a adoptar, a definición de responsabilidades e a conveniencia de engadir novas medidas ás xa adoptadas na Xunta de Galicia ou procedendo, noutro caso, á sistematización das existentes.

O establecemento destes plans ofrecen indubidables vantaxes: permiten contar con documentos formais, sistemáticos e ordenados para previr, identificar, avaliar e disuadir a posible ocorrencia de carencias estruturais de maneira sistemática e progresiva, contribúen a continuar incrementando a transparencia no manexo dos

fondos públicos e atenden á crecente preocupación cidadá que esixe maiores niveis de rendición de contas no exercicio das funcións públicas.

Estableceranse mecanismos de supervisión e avaliación do cumprimento das medidas do sistema de integridade e prevención de riscos de xestión, a través dunha comisión interdepartamental encargada da coordinación e supervisión do sistema de integridade e cumprimento, e a designación dun responsable de integridade e prevención de riscos de xestión por departamento, con descrición das súas funcións e responsabilidades.

Reforzaranse as actividades formativas e de concienciación que permitan aos empregados públicos en xeral, e aos altos cargos e persoal directivo en particular, a mellora dos coñecementos nos ámbitos da ética e integridade e na administración e prevención de riscos de xestión.

Do que se trata en definitiva, é de dotar a Galicia, dun Marco de integridade institucional que veña a reforzar todos os mecanismos de control interno que levan xa funcionando dende hai anos en Galicia, de melloralos e fortalecelos, no seu caso, e impulsar a marcha de novos mecanismos que permitan continuar consolidando a Galicia como unha Administración Pública moderna, íntegra e transparente.



## 2. OBXECTIVOS E EIXOS DO PROGRAMA

- Eixo 1: Cultura institucional
- Eixo 2: Ética institucional
- Eixo 3: Recursos humanos e compromiso coa competencia profesional
- Eixo 4: Plans de prevención e xestión de riscos de xestión
- Eixo 5: Consolidación da administración dixital
- Eixo 6: Calidade normativa

### Eixo 1: Cultura institucional

#### Obxectivos do eixo:

Preténdese dotar ao sector público autonómico de Galicia dun marco de integridade institucional no que se vele pola observancia dos principios éticos e de bo goberno, se persiga unha actuación exemplar e responsable dos altos cargos e do persoal empregado público e se promova unha cultura de legalidade que desalente dentro da organización as prácticas irregulares, as condutas inapropiadas e toda actuación fraudulenta, incluída a corrupción, e que facilite a súa prevención.

#### Liñas mestras ou medidas do eixo:

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixo 1 de actuación son as seguintes:

- Medida 1.1. Declaración institucional de integridade da Xunta de Galicia**
- Medida 1.2. Incorporar a integridade institucional na planificación estratéxica**
- Medida 1.3. Habilitar unha canle específica de denuncias**
- Medida 1.4. Regulación dos lobbies ou grupos de interese**
- Medida 1.5. Regulación unitaria dos conflitos de interese**
- Medida 1.6. Formación en materia de integridade**
- Medida 1.7. Fomento e divulgación da cultura da integridade**
- Medida 1.8. Creación dos órganos competentes de supervisión e control**

**Órganos impulsores:**

**Órganos executores:** Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e Consellería de Facenda e Administración Pública (Asesoría Xurídica Xeral e Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa)

**Órganos colaboradores:** Secretaría Xeral da Presidencia e Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías

### **Medida 1.1. Declaración institucional de integridade da Xunta de Galicia**

A Xunta de Galicia reforzará o seu compromiso coa integridade a través dunha declaración institucional específica de cumprir as normas xurídicas, éticas e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade.

Esta declaración farase visible a través do Portal web corporativo da Xunta de Galicia e no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

### **Medida 1.2. Incorporar a integridade institucional na planificación estratéxica**

En setembro de 2015 Nacións Unidas aprobou a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable co fin de dar resposta aos desafíos que plantexan as grandes transformacións que se produciron nos últimos anos no sistema internacional.

Para implantar esta Axenda na nosa comunidade é necesario un sólido compromiso da Xunta de Galicia cos retos plantexados na Axenda e que se concretan nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (en diante ODS).

Moitas das metas que os ODS se plantexan xa foron identificadas no Plan Estratéxico Galicia (PEG) 2015-2020 e, en concreto, polo que se refire á materia de integridade institucional, o ODS 16 relativo á gobernanza e a calidade institucional tivo o seu reflexo no Obxectivo instrumental (OI.5.1.03) do PEG 2015-2020: avanzar na mellora da calidade e seguridade xurídicas da actuación da administración e sector público autonómico.

Incorporaranse obxectivos en materia de integridade institucional e bo goberno no vindeiro Plan Estratéxico da Comunidade Autónoma de Galicia 2021-2030, para reforzar o compromiso da Xunta de Galicia cos retos propostos na Axenda 2030 e en definitiva implantala debidamente no ámbito da nosa comunidade.

Adicionalmente boa parte das medidas incorpóranse ao IV Plan de Goberno Aberto promovido pola Administración Xeral do Estado.

### **Medida 1.3. Habilitar unha canle específica de denuncias**

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, configurou un sistema de atención á cidadanía integral e multicanle e estableceu un procedemento para a presentación de suxestións e queixas. Así mesmo, dispuxo que a Oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos do sector público é a encargada de tramitar as queixas e suxestións recibidas. A devandita oficina dispón de canles electrónicas que permiten coordinar e orientar as denuncias presentadas pola cidadanía con respecto ao funcionamento dos servizos públicos.

Así mesmo, no ámbito da prevención de riscos laborais, o Consello da Xunta aprobou o 28 de abril de 2016 un Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o cal se acompañou de medidas de seguridade para garantir a confidencialidade da información e medidas de indemnidade para a protección dos denunciante de boa fe.

Aos efectos de avanzar máis nesta liña, habilitarase unha canle específica de denuncias a través da cal calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico.

Tratarase dunha canle específica a través da cal se permitirá a presentación electrónica de denuncias e que garantirá en todo caso a confidencialidade da persoa denunciante para evitar represalias.

A incorporación desta canle esixirá modificacións normativas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así mesmo establecerase o procedemento de tramitación e resolución das denuncias que se presenten e determinarase o órgano competente para tramitar as denuncias que se presenten.

Elaborarase un informe anual sobre as denuncias recibidas e tramitadas.

Estableceranse medidas específicas que garantan a protección do denunciante de boa fe, para que non sufra, nin durante nin despois da investigación, ningún tipo de illamento, persecución ou empeoramento das condicións laborais ou profesionais, nin ningún tipo de medida que implique calquera forma de prexuízo ou discriminación.

### **Medida 1.4. Regulación dos lobbies ou grupos de interese**

Regularase a actividade de influencia dos lobbies ou grupos de interese no ámbito do sector público autonómico para asegurar a transparencia na participación dos grupos de interese nos procesos de elaboración e aplicación das políticas públicas e así, en definitiva, dificultar a influencia indebida e ilexítima e que cheguen a dispoñer dun exceso de capacidade para influír no sentido das decisións públicas.

A estes efectos, constituirase un grupo de traballo que leve a cabo un estudo e unha análise pormenorizados da posible regulación. Integrarán o dito grupo persoas pertencentes á Administración Pública autonómica, persoal da Universidade e outras persoas de recoñecido prestixio.

Así mesmo, crearase un rexistro público de grupos de interese, o cal facilitará a identificación pública e o control da actividade de influencia que realizan os grupos de interese no ámbito do sector público autonómico.

A incorporación desta medida esixirá modificacións normativas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

### **Medida 1.5. Regulación unitaria dos conflitos de interese**

Na actualidade existe unha ampla regulación da materia dos conflitos de interese respecto do persoal empregado e dos altos cargos públicos ao existir tanto previsións legais na normativa vixente como pautas básicas de actuación no código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014.

Para minimizar os posibles conflitos de interese, a nosa comunidade reforzará o seu compromiso coa regulación unitaria desta materia e elaborará protocolos de actuación específicos naquelas áreas de especial impacto e sensibilidade.

Para o desempeño deste labor constituirase un grupo de traballo que será o encargado de revisar e propoñer a mellora da regulación dos conflitos de interese.

### **Medida 1.6. Formación en materia de integridade**

Para conseguir que todo o persoal empregado público conte coas habilidades e coa capacitación necesarias para aplicar as normas de integridade ampliarase a formación en materia de integridade institucional, de forma que se inclúa no Plan de Formación da Escola Galega de Administración Pública unha parte específica e diferenciada de formación dirixida aos colectivos pertencentes a determinadas áreas, como unha ferramenta ao servizo da sensibilización en integridade institucional e ética pública.

Así mesmo establecerase formación diferenciada en materia de integridade para os altos cargos e o persoal directivo do sector público autonómico.

### **Medida 1.7. Fomento e divulgación da cultura da integridade**

Impulsaranse medidas relativas á divulgación da cultura da integridade coa finalidade de dar a coñecer os valores necesarios para concienciar á cidadanía na devandita cultura da integridade e así, en definitiva, construír unha sociedade máis xusta, igualitaria e transparente.

Deste xeito, continuarase coa liña iniciada coa sinatura o 18 de decembro de 2017 do Convenio de cooperación entre a entón Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Parlamento de Galicia para a organización de visitas guiadas ás sedes da Xunta de Galicia e do Parlamento galego por alumnado de centros escolares galegos de titularidade pública, a través do cal as institucións abriron as súas portas aos máis cativos, facéndoos partícipes da sociedade democrática á que pertencen dende o eido educativo, espertando o interese pola autonomía galega dende o coñecemento do aparato institucional da organización administrativa.

Igualmente, outra estratexia efectiva para o fomento da integridade e a prevención da corrupción plasouse na sinatura o 3 de decembro de 2018 do Acordo de colaboración entre o Consello de Contas e a entón Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación e sensibilización en materia de integridade e comportamento ético, que tiña por obxecto concienciar e sensibilizar a poboación en idade escolar, a través dunha unidade didáctica sobre a cultura da integridade e o comportamento ético da sociedade civil nas súas relacións cos poderes públicos.

### **Medida 1.8. Creación dos órganos competentes de supervisión e control**

#### **Medida 1.8.1. Creación da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da integridade e de prevención de riscos de xestión**

Crearase a Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión como órgano colexiado encargado de coordinar e velar polo cumprimento do sistema de integridade.

A devandita comisión estará asistida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola Asesoría Xurídica Xeral, pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Regularanse as súas funcións e a súa composición.

A devandita comisión terá, entre outras, as seguintes funcións:

- Velar pola homoxeneidade e efectividade das medidas e das actuacións que se vaian a implantar.
- Potenciar a colaboración entre os distintos órganos do sector público autonómico e promover o intercambio de coñecementos e boas prácticas.
- Impulsar a elaboración dos plans de prevención de riscos de xestión.
- Aprobar anualmente un informe global de seguimento de todos os Plans de prevención de riscos de xestión do sector público autonómico.
- Coordinar e impulsar a difusión de estudos relacionados coa integridade.
- Promover a colaboración do sector público autonómico con órganos, entidades e institucións, nacionais ou internacionais, relacionados coa integridade institucional e xestión de riscos.

#### **Medida 1.8.2. Creación dos órganos responsables da integridade e prevención de riscos de xestión**

Na Administración xeral e en cada unha das entidades instrumentais do sector público autonómico crearanse órganos responsables da integridade e prevención de riscos de xestión. No caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma, estes órganos dependerán da Secretaría Xeral da Presidencia e da secretaría xeral técnica de cada consellería ou dos órganos de goberno ou executivos equivalentes nas entidades instrumentais do sector público autonómico. No perfil destes órganos buscarase a identificación cos responsables da coordinación da xestión da calidade e de transparencia polo carácter transversal que teñen os tres ámbitos.

Regularase así mesmo a súa designación e as súas funcións.

Os ditos órganos terán , entre outras, as seguintes funcións:

- Asumir, no seu ámbito respectivo, a coordinación, o cumprimento e a supervisión das medidas de integridade e prevención de riscos de xestión.
- Elaborar propostas de actualización do Plan de prevención de riscos de xestión.
- Promover a execución das medidas previstas no plan.
- Identificar a necesidade de aplicar accións correctivas.

-Informar directamente ao órgano competente de posibles riscos de xestión e incumprimentos.

## Eixo 2: Ética institucional

### Obxectivos do eixo:

O Código Ético Institucional da Xunta de Galicia aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 sintetiza dun xeito conciso e sinxelo as principais pautas básicas reguladoras que deben orientar e presidir as actuacións e o desempeño profesional no ámbito da Administración autonómica galega.

Para isto, marca parámetros de carácter obxectivo e xeral, incorpora compromisos reforzados e establece, ademais, criterios interpretativos para unha aplicación máis efectiva do ordenamento xurídico vixente e contribuír deste xeito a definir un modelo de conduta ética con plenas garantías de coherencia, transparencia e seguranza xurídica.

A fin de dispor dun documento integrado e único, incorporáronse ao Código ademais, os criterios aplicables ás viaxes oficiais ao exterior dos cargos da Administración autonómica galega, que foron aprobados polo Executivo autonómico en 2011.

Deste xeito, dispónse dun completo manual deontolóxico e dunha guía de boas prácticas á que deben axustarse as autoridades e demais persoal ao servizo do sector público autonómico.

Non obstante o anterior, tendo en conta o tempo transcorrido dende a súa aprobación e vistas as recomendacións realizadas polo Consello de Contas e recollidas no Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na administración xeral preténdese revisar e actualizar o contido do vixente Código ético en aras de fortalecer os valores e principios de conduta nel previstos.

Doutra banda, é de salientar que, na actualidade, o sector público autonómico de Galicia conta con diferentes instrucións e guías en ámbitos específicos, por exemplo as guías de boas prácticas en materia de contratación, entre as que se atopan, entre outras, a Guía da contratación pública innovadora, a Guía das cláusulas sociais e ambientais, a Guía da colaboración público-horizontal da Comunidade Autónoma de Galicia e a Guía de boas prácticas nos procedementos de contratación das TIC.

Sen prexuízo do anterior, e co obxectivo de velar pola boa praxis na xestión administrativa, elaboráronse e aprobaráronse polo órgano competente, protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación dos servidores públicos.



**Liñas mestras ou medidas do eixo:**

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixo 2 de actuación son as seguintes:

**Medida 2.1. Código ético e de conduta**

**Medida 2.2. Protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación**

**Órganos impulsores:**

**Órganos executores:**

**Medida 2.1. Código ético e de conduta**

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e Consellería de Facenda e Administración Pública (Asesoría Xurídica Xeral /Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa/Dirección Xeral da Función Pública)

**Medida 2.2. Protocolos específicos**

**En materia de contratación:** Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e Consellería de Facenda e Administración Pública (Asesoría Xurídica Xeral /Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa)

**En materia de xestión de persoal:** Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e Consellería de Facenda e Administración Pública (Asesoría Xurídica Xeral /Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa/Dirección Xeral da Función Pública)

**En materia de axudas e subvencións:** Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e Consellería de Facenda e Administración Pública (Asesoría Xurídica Xeral /Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa/Intervención Xeral)

**Órganos colaboradores:** Secretaría Xeral da Presidencia e Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías

**Medida 2.1. Código ético e de conduta**

O Código ético institucional da Xunta de Galicia é o instrumento idóneo de desenvolvemento dos valores éticos e de integridade.

Por Acordo do Consello da Xunta procederase á modificación do Acordo do 24 de xullo de 2014 polo que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia co obxecto de actualizar o seu contido, impulsar os seus valores e principios de conduta e dotalo dunha estrutura máis axeitada.

### **Medida 2.1.1. Principios de integridade e exemplaridade**

No Código ético institucional da Xunta de Galicia reforzarase a presenza, entre outros valores e principios, dos principios de integridade e exemplaridade.

### **Medida 2.1.2. Maior individualización das normas de conduta no código ético, identificando claramente as que afectan aos altos cargos**

Para a individualización das normas de conduta específicas para altos cargos procederase a modificar o código ético diferenciando as normas e principios de conduta que correspondan especificamente a estes.

### **Medida 2.1.3. Reforzar o compromiso de exemplaridade e adhesión dos altos cargos ao código ético**

O compromiso e adhesión dos altos cargos ao código ético realizarase a través de tres medidas:

- Engadirase no código ético un compromiso adicional coa integridade institucional e prevención de riscos de xestión dos altos cargos.

-Engadirase no momento da toma de posesión dos altos cargos a adhesión expresa ao código ético.

-Incluirase no código ético unha cláusula na que se estableza a obrigatoriedade dunha declaración anual de cumprimento do código ético para os altos cargos.

### **Medida 2.1.4. Comité de Ética**

O órgano competente para os efectos de coordinación e supervisión do cumprimento do código ético é a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA), agás nos ámbitos sanitario e educativo, nos cales a dita función corresponde aos respectivos órganos internos sinalados por estas consellerías.

Co obxecto de reforzar e impulsar as previsións e a supervisión do Código ético crearase un Comité de Ética determinando a súa composición e funcións, entre as que se atoparán parte das que actualmente lle corresponden á DXARA.

Como órgano de garantía, o dito Comité terá capacidade para coñecer e dar resposta aos posibles dilemas éticos e de comportamento que poidan presentar o persoal empregado público e altos cargos.

Na composición do devandito comité garantirase a presenza, como vogais, de persoas con competencia e prestixio profesional contrastados en materias relacionadas coa

ética, o dereito ou a gobernanza de organizacións tanto do sector público como do sector privado.

O Comité de Ética exercerá, entre outras, as seguintes funcións:

- Velar polo cumprimento do Código ético institucional.
- Informar ao órgano competente dos posibles incumprimentos detectados.
- Resolver as dúbidas, consultas e dilemas éticos que se lle poidan plantexar respecto da aplicación do código ético.
- Promover a difusión, interiorización e o correcto cumprimento dos valores, principios e normas de conduta contidos no Código.
- Propoñer as modificacións que sexan precisas no código ético, elevándoas para a súa toma en consideración polo Consello da Xunta de Galicia.
- Elaborar un informe anual de cumprimento do Código Ético Institucional da Xunta de Galicia.
- Remitir o informe anual ao Parlamento de Galicia, o cal publicárase no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

#### **Medida 2.1.5. Réxime sancionador**

No Código ético están previstas pautas que constitúen medidas de resposta a actuacións de vulneración daquel, como poden ser:

- As pautas, criterios, regras e orientacións que vertebran o Código informan a actuación das autoridades e demais persoal ao servizo do sector público autonómico, así como a aplicación do réxime disciplinario e de responsabilidade que proceda.
- As posibles violacións dos valores éticos e normas de conduta están suxeitas aos procedementos recollidos na normativa estatal e autonómica aplicable na materia. As esixencias recollidas no Código ético eleváronse a norma de rango legal coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que ten previsto un procedemento sancionador para os supostos de infraccións en materia de incompatibilidades e conflito de intereses dos altos cargos.
- De detectarse unha conduta contraria ás previsións do Código relativas á prohibición de regalos e ao réxime aplicable ás mostras de cortesía, procederáse de inmediato á apertura dunha información reservada, coa finalidade de dilucidar se pode ser

constitutiva de infracción disciplinaria, de acordo coa normativa vixente que resulte de aplicación.

#### **Medida 2.1.6. Formación**

O Código ético institucional establece que a Escola Galega de Administración Pública integrará, como materia transversal da súa programación, accións de comunicación, formación e sensibilización en materia de principios éticos de actuación e, en particular, dará a coñecer ao persoal público os contidos do Código ético para a súa oportuna comprensión e posta en práctica en toda a organización.

Nesta liña ampliaranse e reforzaranse os programas e plans de formación incluíndo a materia de integridade e código ético para o persoal empregado público. Ademais incorporárase nese plan unha parte específica de formación como ferramenta ao servizo da sensibilización en integridade e ética pública dirixida de forma diferenciada a distintos colectivos en ámbitos específicos.

Establecerase formación diferenciada para os altos cargos e o persoal directivo do sector público autonómico.

Poderá incluírse nos temarios dos procesos selectivos, atendendo ás características ou circunstancias destes, temas específicos sobre a ética pública e integridade institucional.

#### **Medida 2.1.7. Impulso das medidas de difusión do Código ético**

Fomentarase o coñecemento do Código ético mediante as seguintes accións de difusión:

-Publicarase o código ético de xeito destacado e accesible tanto na web da Xunta de Galicia como na súa intranet.

-Incluirase no Código Ético a periodicidade e os medios de difusión deste e das súas modificacións, tanto para o persoal empregado público como para quen se relaciona coa administración.

-Realizaranse campañas divulgativas entre o persoal.

-Remitirase un correo electrónico institucional a todo o persoal empregado público no que se engadirá o código ético.

-Engadirase o código ético no Manual de acollida do persoal empregado público.

## **Medida 2.2. Protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación**

Elaboraranse e aprobaranse a través de grupos de traballo pilotados pola DXARA protocolos específicos para os servidores públicos con responsabilidade directa nos seguintes ámbitos de actuación: xestión de persoal, contratación pública e xestión de axudas e subvencións. Nos grupos de traballo integranse persoas das diferentes unidades, profesionais de recoñecido prestixio e contarase coa colaboración do Consello de Contas para incorporar as mellores prácticas reguladoras.

Estas actividades, pola súa propia natureza, son as máis susceptibles de dar lugar a prácticas irregulares, que poden orixinar unha desconfianza por parte da cidadanía, polo que mediante a aprobación destes protocolos de actuación preténdese velar pola imparcialidade, a integridade e a cultura da transparencia nos correspondentes trámites e procesos.

### **Medida 2.2.1 Xestión de persoal**

Elaborarase e aprobarase polo órgano competente un protocolo específico destinado aos responsables de recursos humanos.

### **Medida 2.2.2. Contratación pública**

Os riscos de praxis irregulares na contratación poden darse en calquera das súas fases: na fase de avaliación das necesidades, cando se identifican os proxectos que deben realizarse; na fase de preparación dos contratos, cando se elaboran os pregos; na fase de selección do contratista e adjudicación e na fase de execución do contrato.

Tendo en conta estes riscos elaboraranse e aprobarase polo órgano competente un protocolo específico destinado aos servidores públicos que tramiten contratos públicos nas súas diferentes fases.

Aproveitarase ademais para homoxeneizar os documentos utilizados nos procedementos de contratación e tenderase a impulsar a elaboración de pregos tipo.

A incorporación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa á estrutura da DXARA permitirá utilizar as sinerxias derivadas do acervo deste órgano.

### **Medida 2.2.3. Xestión de axudas e subvencións**

A actividade de fomento das administracións públicas é unha modalidade importante do gasto público que ten un amplo abanico de destinatarios: entidades privadas ou públicas, empresas, organizacións non gubernamentais, asociacións, organizacións e

organismos de diferente tipo, entre outros. Polo que dada a importancia dos recursos públicos que se adican a ese ámbito de subvencións e axudas fan necesario o seu estrito control.

Tendo en conta estes riscos elaborárase e aprobarase polo órgano competente un protocolo específico destinado aos servidores públicos que tramiten axudas e subvencións.

Un dos elementos que distorsiona a política de fomento da Xunta é o elevado número de procedementos subvencionadores existentes na actualidade e a súa variabilidade. Aproveitarase este traballo para, en colaboración co Consello de Contas, crear procedementos máis simples de cara aos potenciais beneficiarios.

### Eixo 3: Recursos humanos e compromiso coa competencia profesional

#### Obxectivos do eixo:

O obxectivo deste eixo é a implantación de políticas de recursos humanos orientadas ao mérito e á capacitación dos profesionais.

No ámbito da integridade institucional, a política de recursos humanos nas institucións públicas ten un papel esencial na promoción dun ambiente ético a través dos procesos de recrutamento, avaliación e promoción do persoal baseados nos principios de mérito e capacidade como medidas preventivas de decisións arbitrarias ou de favoritismos, e como compromiso da organización de atraer e promover a profesionais competentes.

#### Liñas mestras ou medidas do eixo:

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixo 3 de actuación son as seguintes:

**Medida 3.1. Procesos de selección e provisión**  
**Medida 3.2. Avaliación do desempeño**  
**Medida 3.3. Mellorar as ferramentas que permitan a cobertura definitiva dos postos de traballo e diminuír a taxa de temporalidade nos recursos humanos da Xunta de Galicia**

#### Órganos impulsores:

**Órganos executores:** Consellería de Facenda e Administración Pública (Dirección Xeral da Función Pública)

**Órganos colaboradores:** Secretaría Xeral da Presidencia e Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías

### Medida 3.1. Procesos de selección e provisión

En canto aos procesos de selección de persoal, ademais da normativa aplicable na materia, o Código ético institucional incorpora medidas específicas de reforzo da imparcialidade nos procesos selectivos, como normas de funcionamento dos procesos para evitar filtracións, causas de abstención para os preparadores de aspirantes, ou mecanismos de selección aleatoria de preguntas. Tamén está contemplada na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia a exclusión de persoal de

elección ou designación política, de persoal eventual e de funcionarios interinos, entre outros, como membros dos órganos de selección. Así mesmo a pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer en representación ou por conta de ninguén.

Co obxecto de continuar e avanzar nesta liña adoptaranse as seguintes medidas:

#### **Medida 3.1.1. Órganos ou tribunais de selección**

Reforzaranse as garantías de imparcialidade dos órganos ou tribunais e a súa especialización mediante a axeitada capacitación, competencia e preparación.

#### **Medida 3.1.2. Órganos especializados e permanentes de selección**

Valorarase a creación de órganos especializados e permanentes para a organización de procesos selectivos.

#### **Medida 3.2. Avaliación do desempeño**

A avaliación do desempeño é o procedemento polo cal se mide e valora a conduta profesional e o rendemento ou o logro de resultados do persoal empregado público.

Os sistemas de avaliación do desempeño se adecuarán a criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación, e se aplicarán sen menoscabo dos dereitos do persoal empregado público por órganos especializados dotados de autonomía funcional.

Con base no exposto, elaboraranse a norma de desenvolvemento da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia en relación coa avaliación do desempeño.

Como elemento previo da avaliación realizarase un rexistro de tarefas nas unidades administrativas que permita optimizar as cargas de traballo e o establecemento de estándares no cumprimento dos obxectivos das unidades.

#### **Medida 3.3. Mellorar as ferramentas que permitan a cobertura definitiva dos postos de traballo e diminuír a taxa de temporalidade nos recursos humanos da Xunta de Galicia**

A provisión de postos de traballo de maneira definitiva é un factor clave para a independencia, obxectividade e neutralidade, sobre todo nas áreas máis vulnerables.

Neste sentido semella unha oportunidade mellorar os mecanismos para axilizar a cobertura definitiva dos postos de traballo.



## Eixo 4: Plans de prevención de riscos de xestión

### Obxectivos do eixo:

Elaboraranse, en colaboración co Consello de Contas, Plans de prevención de riscos de xestión que afecten á integridade institucional en cada consellería e cada entidade instrumental integrante do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no *Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia*.

Estes Plans permitirán contar con documentos formais, sistemáticos e ordenados para prever, identificar, avaliar e disuadir a posible ocorrencia de carencias estruturais de maneira sistemática e progresiva.

Así mesmo, os Plans contribuirán a continuar incrementando a transparencia no manexo dos fondos públicos e atenderán a crecente preocupación cidadá, que esixe maiores niveis de rendición de contas no exercicio das funcións públicas.

Nas sociedades mercantís cómpre introducir a prevención de riscos de xestión nos seus programas de *compliance* e camiñar cara a políticas neste tipo de entidades que mais alá de eventuais riscos penais poidan incorporar políticas de integridade na súa xestión e nos eventuais riscos que pode aparelar.

### Liñas mestras ou medidas do eixo:

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixo 4 de actuación son as seguintes:

**Medida 4.1. Identificación e avaliación de riscos de xestión**

**Medida 4.2. Determinación de accións de prevención de riscos de xestión**

**Medida 4.3. Determinación de mecanismos de supervisión e control**

**Medida 4.4. Información e comunicación**

**Medida 4.5. Supervisión do modelo**

**Medida 4.6. Formación**

**Órganos impulsores:**

**Órganos executores:** Secretaría Xeral da Presidencia/Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías/entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia

**Órganos colaboradores:** Consello de Contas/Asesoría Xurídica Xeral/Intervención Xeral/Dirección Xeral da Función Pública/Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa/Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

### **Medida 4.1. Identificación e avaliación de riscos de xestión**

Sen unha identificación e avaliación de riscos de xestión non é posible deseñar e implantar medidas de prevención eficaces e adaptadas a cada consellería ou entidade pública instrumental.

Os pasos a seguir para realizar unha identificación de riscos de xestión son os seguintes:

- Identificación das actividades e procesos da organización.

A análise de riscos debe partir da identificación das actividades ou procesos propios de cada organización, diferenciando entre os procesos centrais e os procesos de apoio.

- Consideración dos factores de risco que afectan a cada proceso ou actividade.

Os factores de risco son as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos.

- Identificación dos riscos de xestión.

O obxectivo deste paso consiste en identificar os riscos dun xeito estruturado que facilite a posterior elaboración dun mapa de riscos de xestión.

A avaliación de riscos de xestión consiste en determinar e valorar o risco de que nunha determinada actividade apareza unha conduta que poida considerarse ilícita ou irregular. Estes riscos non se reparten de modo uniforme, existen actividades e persoas máis expostas que outras e ademais as situacións nas que poden aparecer estes riscos son moi distintas.

A finalidade da avaliación é determinar a extensión coa que un risco pode afectar aos obxectivos dunha organización. Realízase desde unha dobre perspectiva: probabilidade de ocorrencia e impacto sobre os obxectivos. Trátase de determinar a gradación do

risco en función da probabilidade de que o risco ocorra e do seu impacto no caso de ocorrer.

A avaliación de riscos serve para deseñar controis efectivos, evitar controis innecesarios e realizar unha formación adecuada orientada aos problemas máis graves que teña cada centro. A avaliación de riscos debe realizarse periodicamente. Como resultado da avaliación elaborárase un Mapa de riscos de xestión.

## **Medida 4.2. Determinación de accións de prevención de riscos de xestión**

Unha vez realizada a identificación e avaliación de riscos de xestión, cada consellería e entidade pública instrumental elaborará o seu Plan de prevención de riscos de xestión, que conterá as medidas a adoptar á vista dos riscos detectados e o seu nivel, así como un cronograma para a implantación efectiva das anteditas medidas.

Sen prexuízo das funcións dos órganos encargados da supervisión do funcionamento e do cumprimento dos modelos de prevención que se implanten, a Asesoría Xurídica Xeral exercerá as funcións de control de legalidade nos procedementos de formación da vontade das entidades do sector público que se determinen nos plans indicados, conforme, se é o caso, co que se dispoña nos acordos de asistencia xurídica. No marco destas funcións, informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos en dereito cando así o soliciten.

O Consello de Contas deberá avaliar de xeito sistemático os plans de prevención de riscos de xestión que realicen as institucións e entes do sector público da Comunidade Autónoma, nos cales deberá analizar as actividades nas que se constate unha maior incidencia de risco, segundo o establecido no apartado b) artigo 5 bis da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción.

## **Medida 4.3. Determinación de mecanismos de supervisión e control**

### **Medida 4.3.1 Elaboración de Manuais de procedementos naquelas actividades máis susceptibles de riscos de xestión**

Elaboraranse Manuais de procedementos nos que se establecerá unha segregación de funcións clara e implantaranse controis específicos para a súa autorización.

#### **Medida 4.3.2 Alertas de detección de riscos de xestión nos sistemas informáticos**

Implantaranse alertas de detección de riscos de xestión nos sistemas informáticos.

#### **Medida 4.3.3 Identificación de mecanismos de actuación nos plans de prevención de riscos de xestión**

Identificaranse nos plans de prevención de riscos de xestión os mecanismos de actuación no caso de que se materialice algún dos riscos identificados nos devanditos plans.

### **Medida 4.4. Información e comunicación**

#### **Medida 4.4.1 Establecer un plan de comunicación dos Plans de prevención de riscos de xestión**

En cada Plan de prevención de riscos de xestión establecerase un plan de comunicación co fin de facer partícipe e involucrar a todo o persoal.

#### **Medida 4.4.2 Poñer en funcionamento unha caixa de correos na que o persoal empregado público poida comunicar información relevante en materia de integridade**

Cada centro que conte cun Plan de prevención de riscos de xestión, habilitará unha caixa de correos co fin de que o persoal incluído dentro do ámbito de aplicación do Plan poida achegar propostas de mellora. As achegas realizadas nesta caixa de correos serán analizadas polo órgano supervisor do Plan.

### **Medida 4.5. Supervisión do modelo**

#### **Medida 4.5.1 Realizar autoavaliacións e informes anuais de seguimento das medidas implantadas**

Cada centro que conte cun Plan de prevención de riscos de xestión realizará anualmente unha autoavaliación do dito Plan para verificar o grao de cumprimento das medidas implantadas. O resultado do seguimento das medidas implantadas recollerase nun informe que se remitirá ao Consello de Contas.

Anualmente, elaborárase e publicarase no portal web da Xunta de Galicia e no Portal de Transparencia e Bo Goberno, un informe global de seguimento de todos os Plans de prevención de riscos de xestión do sector público autonómico de Galicia, que aprobará a Comisión Interdepartamental encargada da coordinación e supervisión do sistema de integridade.

**Medida 4.5.2 Control interno dos Plans de prevención de riscos de xestión por parte de órganos transversais do sector público autonómico de Galicia**

Definiranse as funcións de control que lle correspondan en materia de prevención de riscos de xestión aos órganos transversais da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia: Intervención Xeral, Asesoría Xurídica Xeral, Dirección Xeral da Función Pública, Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

**Medida 4.6. Formación**

Incluiranse actividades formativas e de concienciación no Plan de Formación da Escola Galega de Administración Pública que permitan a mellora dos coñecementos no ámbito da formación técnica da xestión de riscos e a prevención de riscos de xestión tanto do persoal empregado público, dos altos cargos e do persoal directivo do sector público autonómico.

## Eixo 5: Consolidación da administración dixital

### Obxectivos do eixo:

O uso da administración electrónica constitúe en si mesma unha medida de control de riscos de xestión específica, dado que a utilización das Tecnoloxías da Información (TI) despersonaliza a prestación de servizos e require que as normas e procedementos estean estandarizados e sexan explícitos para o funcionamento eficaz dos sistemas, e permite rastrexar decisións e accións.

A planificación estratéxica en Tecnoloxías da Información atópase recollida na Axenda Dixital de Galicia 2020 e na Estratexia Galicia Dixital 2030.

A aprobación da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, impulsa un gran avance na transformación dixital de todos os departamentos da Xunta de Galicia, o que redundará na mellora da calidade na prestación dos servizos públicos, no incremento da eficiencia da Administración e na axilidade e proactividade na relación con cidadáns, cidadás e empresas, e permitirá establecer novos mecanismos de control.

A Xunta de Galicia considerou que a crecente telematización das comunicacións tiña que ter o seu reflexo na Administración autonómica. Por este motivo, por unha banda, promovemos a modernización do Rexistro, mediante iniciativas como a extensión do sistema de cita previa e a dixitalización de documentos presentados.

E, por outra banda, seguimos a promover as xestións online coa administración autonómica. A través do Plan de Axilización Administrativa (Plan Acheга) aprobado por Acordo do Consello da Xunta do 27 de febreiro de 2014, foron revisados, adaptados e normalizados os procedementos administrativos da Xunta de Galicia

### Liñas mestras ou medidas do eixo:

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixo 5 de actuación son as seguintes:

**Medida 5.1. Configuración dixital dos procedementos administrativos**

**Medida 5.2. Interoperabilidade coas administracións públicas**

**Medida 5.3. Carpeta cidadá**

**Órganos impulsores:**

**Órganos executores:** Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

**Órganos colaboradores:** Secretaría Xeral da Presidencia e Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías e Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

### **Medida 5.1. Configuración dixital dos procedementos administrativos**

Culminarase a configuración dixital dos procedementos administrativos para que teñan un funcionamento plenamente electrónico, ofrecendo así uns servizos fáciles de utilizar, áxiles e con menos cargas burocráticas.

Comezarase cunha especial atención aos procedementos de contratación utilizando as ferramentas xa existentes e tentando estender o seu uso a todo o sector público autonómico.

### **Medida 5.2. Interoperabilidade coas administracións públicas**

Fomentarase a interoperabilidade coas demais administracións públicas para continuar reducindo os documentos que teñen que presentar os cidadáns e as cidadás nas súas relacións co sector público autonómico galego.

### **Medida 5.3. Carpeta cidadá**

Potenciarase a carpeta cidadá que incluírá toda a información de carácter persoal e administrativo dispoñible na Administración pública de xeito ordenado e sinxelo, o que nos permitirá ofrecer proactivamente uns servizos públicos personalizados acordes ás necesidades particulares dos galegos e galegas.

## Eixo 6: Calidade normativa

### Obxectivos do eixo:

No ano 2019 a Administración Xeral do Estado aprobou 648 novas normas de diferente rango o que supón un incremento superior ao 10 por cento con respecto ao ano anterior. Tamén as comunidades autónomas publicaron no BOE un total de 309 normas con rango de lei. A Unión Europea no mesmo período aprobou 818 regulamentos, 56 directivas e 1.221 decisións, cun incremento do 5 por cento.

Esta produción normativa obriga a unha especial atención na calidade das normas da comunidade autónoma e simultaneamente a un proceso transparente na produción normativa que se alinea con obxectivos de integridade.

### Liñas mestras ou medidas do eixo:

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixo 6 de actuación son as seguintes:

**Medida 6.1. Mellorar a técnica normativa e os procesos de produción normativa**  
**Medida 6.2. Aumentar a transparencia da “pegada normativa”**

#### Órganos impulsores:

**Órganos executores:** Asesoría Xurídica Xeral e Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

**Órganos colaboradores:** Secretaría Xeral da Presidencia e Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías

## **Medida 6.1. Mellorar a técnica normativa e os procesos de produción normativa**

Resulta preciso actualizar as Directrices de técnica normativa aprobadas polo Consello da Xunta o 30 de outubro de 2014 que afecta aos procesos de aprobación dos textos con rango de lei e aproveitar para ditar novas recomendacións en materia de técnica normativa.

É convinte realizar diagramas de procesos no que se refire ás normas regulamentarias aproveitando a homoxenización dos diferentes documentos que se incorporan no procedemento de aprobación de decretos e ordes.



### **Medida 6.2. Aumentar a transparencia da “pegada normativa”**

Na sociedade actual e na doutrina existe na actualidade un fondo debate sobre a pegada normativa, no senso do íter procedimental de participación da cidadanía na elaboración das normas.

Dende esta perspectiva cómpre unificar e mellorar o proceso de transparencia previo á elaboración das normas mellorando os parámetros da consulta previa pero tamén na resposta ás alegacións formuladas que esixen respostas motivadas sobre as decisións administrativas de incorporar as propostas ou rexeitalas e das restantes fases procedimentais da aprobación das normas incorporando tamén os informes que as acompañan.

Un dos elementos de maior transparencia normativa é tentar unha maior facilidade na comprensión das normas, aspecto este que incide favorablemente no seu cumprimento e aplicación polos operadores xurídicos e pola cidadanía.

### 3. TEMPORALIZACIÓN

Medidas	Temporalización			
	2021	2022	2023	2024
<b>Eixo 1: Cultura institucional</b>				
Medida 1.1. Declaración institucional de integridade da Xunta de Galicia				
Medida 1.2. Incorporar a integridade institucional na planificación estratéxica				
Medida 1.3. Habilitar unha canle específica de denuncias				
Medida 1.4. Regulación dos lobbies ou grupos de interese				
Medida 1.5. Regulación unitaria dos conflitos de interese				
Medida 1.6. Formación en materia de integridade				
Medida 1.7. Fomento e divulgación da cultura da integridade				
Medida 1.8. Creación dos órganos competentes de supervisión e control				
<b>Eixo 2: Ética institucional</b>				
Medida 2.1. Código ético e de conduta				
Medida 2.2. Protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación				
<b>Eixo 3: Recursos humanos e compromiso coa competencia profesional</b>				
Medida 3.1. Procesos de selección e provisión				
Medida 3.2. Avaliación do desempeño				
Medida 3.3. Mellorar as ferramentas que permitan a cobertura definitiva dos postos de traballo e diminuír a taxa de temporalidade nos recursos humanos da Xunta de Galicia				
<b>Eixo 4: Plans de prevención de riscos de xestión</b>				
Medida 4.1. Identificación e avaliación de riscos de xestión				
Medida 4.2. Determinación de accións de prevención de riscos de xestión				
Medida 4.3. Determinación de mecanismos de supervisión e control				
Medida 4.4. Información e comunicación				
Medida 4.5. Supervisión do modelo				
Medida 4.6. Formación				
<b>Eixo 5: Consolidación da administración dixital</b>				
Medida 5.1. Configuración dixital dos procedementos administrativos				
Medida 5.2. Interoperabilidade coas administracións públicas				
Medida 5.3. Carpeta cidadá				
<b>Eixo 6: Calidade normativa</b>				
Medida 6.1. Mellorar a técnica normativa e os procesos de produción normativa				
Medida 6.2. Aumentar a transparencia da “pegada normativa”				